

RESOLUCIÓN REITORAL DO 16 DE DECEMBRO DE 2024 POLA QUE SE PUBLICA A RELACIÓN DEFINITIVA DE SOLICITUDES ADMITIDAS E EXCLUÍDAS PARA A ORGANIZACIÓN DE OBRADOIROS NO SEGUNDO CUADRIMESTRE DO CURSO 2024/2025 NO CAMPUS DE PONTEVEDRA

De acordo coa base 8.2 da resolución reitoral do 14 de novembro de 2024 pola que se convocan as axudas para organizar os obradoiros de Extensión Universitaria da Universidade de Vigo no segundo cuadrimestre do curso académico 2024/2025.

Esta reitoría **RESOLVE**:

Aprobar e ordenar a publicación da listaxe definitiva de solicitudes admitidas e excluídas a trámite para a organización de obradoiros de extensión universitaria da Universidade de Vigo no segundo cuadrimestre do curso 2024/2025 no campus de Pontevedra (Anexo I).

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpor recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpor contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes desde o día seguinte ao da súa publicación, ante o Reitor. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Pontevedra, na data da súa sinatura electrónica

O reitor

Por delegación (R.R. do 30/05/2024, D.O.G. do 10 de xuño)

A vicerreitora do campus de Pontevedra

Eva María Lantarón Caeiro



ANEXO I

Listaxe definitiva de solicitudes admitidas a trámite para organizar obradoiros no campus de Pontevedra durante o segundo cuadrimestre do curso 2024/2025

Título do obradoiro	Persoa encargada da dirección do obradoiro	Importe solicitado
Social Ads: publicidade en redes sociais (Meta e Tik Tok)	Javier Abuín Penas	1.500,00€
Iniciación ao Tufting Gun	Marcos Alberto Covelo Pérez	1.500,00€
Obradoiro práctico para a creación e xestión de marcas no comercio e pequena empresa	Jesús Pérez Seoane	1.500,00€
Descubriendo as árbores: identificación e usos	Adrián Melón Raña	1.500,00€
Iniciación aos deportes de raqueta e pa: tenis e pádel	Iván Prieto Lage	1.500,00€
Técnicas gráficas para impresión dixital textil sostible	Román Corbato Pérez	1.500,00€
Iniciación á arte 3D para animación, videoxogos e ilustración	Alberto Abal Silva	1.500,00€
Iniciación ao forno cerámico	María Covadonga Barreiro Rodríguez Moldes	1.500,00€
Visión & Composición Fotográfica	María del Mar Rodríguez Caldas	1.500,00€

Listaxe definitiva de solicitudes excluídas a trámite para organizar obradoiros no campus de Pontevedra durante o segundo cuadrimestre do curso 2024/2025

Título do obradoiro	Persoa encargada da dirección do obradoiro	Motivo de exclusión
Introdución á produción musical	Francisco Javier Fernández Abreu	A data de celebración non está dentro do intervalo esixido na convocatoria (entre o 19 de febreiro e o 6 de xuño de 2025)
Obradoiro de costura creativa	Estefanía Carrera García	A data de celebración non está dentro do intervalo esixido na convocatoria (entre o 19 de febreiro e o 6 de xuño de 2025)

